SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, capital de Galiza e Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, é a meta do Camiño de Santiago. Peregrinos de todo o mundo percorren a ruta a diario e buscan cada Ano Santo o Xubileo na súa catedral.
Cidade santa dende hai mil anos e cidade universitaria dende hai máis de 500, Santiago de Compostela é hoxe unha urbe viva e monumental, humana e segura, feita para pasear.

Gal

PERCORRER A CIDADE

1. CENTRO HISTÓRICO

Catedral
Conta unha antiga tradición que Santiago o Maior, un dos doce apóstolos de Cristo, foi sepultado polos seus discípulos nun bosque do *finis terrae*.
Tras o milagroso achado das súas reliquias no século IX levantouse un santuario, e a partir de ano 1075 a monumental Catedral actual. Esta obra mestra do románico conserva a súa estrutura orixinal con aditamentos góticos, renacentistas e barrocos. Destacan no seu interior:

Pórtico da Gloria. Mestre Mateo. s. XII. Escenas do Antigo e Novo Testamento, centradas na Salvación.
Altar Maior, Sepulcro e Camarín do Apóstolo. Baldaquino barroco e altar de prata, s. XVII. Reliquias de Santiago no mausoleo.
Botafumeiro. Maior incensario do mundo. Alcanza no seu voo os 68 km por hora. É utilizado en certas solemninades relixiosas e previa presentación dunha ofrenda. Consultar datas.
Capelas. Destacan pola súa antigüidade a capela do Salvador e a Corticela, que foi un oratorio independente no s. X.
*** Museo**. Inclúe a visita da cripta, o Tesouro e as Reliquias, o claustro, salas de tapices, salas de arqueoloxía, sala capitular, biblioteca e arquivo, así como o pazo arcebispal.
**** Tellados**. Interese histórico-artístico e unha das mellores vistas da cidade.

Praza do Obradoiro
Bautizada así polos talleres ou obradoiros de canteiros que traballaron na catedral, concentra os principais edificios civís e relixiosos da cidade.
Fachada do Obradoiro. Obra mestra do Barroco compostelán, s. XVII-XVIII. Torres de 74 metros de altura.
*** Claustro**. Un dos maiores de España. Renacentista. s. XVI.
Hostal dos Reis Católicos. Hospital e refuxio de peregrinos convertido no s. XX en Parador de cinco estrelas.
*** Pazo Arcebispal de Xelmírez**. Un dos edificios civís do románico español máis destacados. s. XII.
Pazo de Raxoi. Neoclásico, s. XVIII. Sede do Concello de Santiago.
Pazo de San Xerome. Renacentista. Alberga o Reitorado da Universidade de Santiago.

Praza das Praterías
A praza sur da Catedral débelles o seu nome aos obradoiros de prateiros situados dende a Idade Media nos baixos do claustro.
Fachada románica da Catedral. s. XII. Rica iconografía centrada na vida de Cristo.
Torre do Reloxo. Recibe o nome de 'Berenguela'. Base del s. XIV e remate barroco do s. XVIII. Aloxa a maior campá da Catedral.
Casa do Cabido. Pano de pedra de apenas tres metros de fondo, s. XVIII. Exposicións.
Casa do Deán. Casa-pazo, s. XVIII.
*** Museo das Peregrinacións e de Santiago**. Exposicións permanentes e temporais sobre a cidade e o Camiño.

Praza da Quintana
Praza barroca dividida en dúas zonas: arriba, Quintana de Vivos; abaixo, Quintana de Mortos, lugar de enterramentos ata 1780.
Porta Santa. Só se abre nos Anos Santos.
*** Mosteiro de San Paio de Antealtares**. Fundado no s. X. Edificio actual barroco. Alberga beneditinas de clausura. Museo de Arte Sacro.
Casa da Conga e Casa da Parra. Vivendas barrocas, s. XVIII.

Prazas da Inmaculada e da Acibechería
Debe o seu nome aos obradoiros nos que se traballaba o acibeche e constitúe o punto final dos camiños Francés e Inglés.
Fachada norte da Catedral. Barroca-neoclásica.
*** Mosteiro de San Martiño Pinario**. Fundado no s. X. Edificio actual barroco. Máis de vinte mil metros cadrados de superficie, un dos maiores mosteiros de España. Igrexa visitable e Museo Diocesano.

Outros lugares de interese

* **Colexio de Fonseca**. Renacentista, s. XVI, sede da biblioteca universitaria.
Igrexa e convento de San Francisco. Convento gótico, reformado no s. XVII. Funciona como hotel. Igrexa do s. XVIII.
Rúas. É moi aconsellable camiñar sen rumbo pola Rúa do Vilar e a Rúa Nova, cheas de soportais e casas señoriais; O Franco e A Raíña, cheas de restaurantes e bares; e o eixo Orfas-Caldeirería-Preguntoiro, tradicional percorrido comercial.
** **Parque da Alameda**. s. XIX. Ofrece unha magnífica vista da cidade histórica, especies ornamentais, carballeira, capelas, fontes e esculturas.
* **Pazo de Bendaña**. Casa barroca, s. XVIII, sede da Fundación Granell.
Igrexa de Santa María Salomé. S. XIII – XVIII.
Igrexa de San Fiz de Solovio. s. IX. Portada románica.
** **Facultade de Xeografía e Historia**. Neoclásica.
Praza de Abastos. No mercado principal expóñense pescados e mariscos frescos, carnes, froitas, verduras, flores e queixos nun edificio monumental do s. XX.

2. SAN DOMINGOS DE BONAVAL E BARRIO DE SAN PEDRO

Os barrios de San Domingos de Bonaval e San Pedro compoñen unha zona de arte, historia, paisaxe, tradición popular e arquitectura contemporánea.
* **Convento de San Domingos de Bonaval e Museo do Pobo Galego**. Museo etnográfico de Galiza. Salas dedicadas ao mar, ao campo, aos oficios e á arquitectura popular. Igrexa gótica. Panteón de Galegos Ilustres.
* **CGAC**. Arte contemporánea nun edificio do arquitecto Álvaro Siza.
** **Parque de San Domingos de Bonaval**. Combina a antiga horta dominica, carballeira e un antigo cemiterio en terrazas deseñadas por Álvaro Siza e Isabel Aguirre. Vistas imprescindibles da cidade.
Barrio de San Pedro. Último tramo do Camiño antes de entrar pola 'Porta do Camiño' á cidade histórica. Casas tradicionais e vellas tabernas.

3. OUTROS SANTIAGOS

Santiago é moito máis que o seu centro histórico. Hai que aventurarse e descubrir monumentos, pintorescas rúas populares, edificios de deseño, sedutoras tendas e miradoiros.

** **Barrio de Belvís**. Estupenda panorámica da cidade vella. Convento das Dominicas. Parque con vistas. Centro sociocultural A Trisca, obra de John Hejduk.

* **Colexiata de Sar**. Románica, s. XII. Impresionante inclinación de muros e columnas. Pequeno museo no seu claustro románico.

Ensanche. Grande área de expansión da cidade, s. XX. Tendas, moda galega, cafés e restaurantes. Parlamento de Galiza (rúa do Hórreo).

** **Campus universitarios**. O Campus Sur naceu nos anos 30 como 'cidade xardín'. No Campus Norte destacan a Facultade de Xornalismo, Filoloxía e o Auditorio de Galiza.

** **Parques e miradoiros**. A súa topografía ondulada dota a Santiago de miradoiros naturais como a Alameda, San Domingos de Bonaval, Belvís, parque de Galeras, Granxa do Xesto e o parque de Carlomagno.

Arquitectura contemporánea. Arquitectos de fama internacional enriquecen a imaxe da cidade: John Hejduk, J.P. Kleihues, Álvaro Siza, Manuel Gallego Jorreto, Giorgio Grassi, Arata Isozaki, Peter Eisenman, César Portela, etc.

****Cidade da Cultura de Galicia**. Esta macroestructura cultural de vangarda, literalmente escavada no monte Gaiás con deseño de Peter Eisenman e torres de John Hejduk, acolle exposicións, visitas, concertos, ciclos literarios, congresos e actividades vencelladas coas novas tecnoloxías e a industria creativa.

Toda a información en www.SantiagoTurismo.com

(*): Museos e colecciónsvisitables.
(**): Vistas.

GASTRONOMÍA

Santiago é a capital da gastronomía atlántica. Dende o seu mercado, a Praza de Abastos, ofrece produtos acabados de saír do mar e da horta: máis de 80 tipos de peixe, 50 clases de mariscos e carnes que se preparan de xeito moi natural para conservar a súa altísima calidade.

Os máis de mil bares, restaurantes e mesóns permiten elixir entre cociña tradicional e cociña de autor; galega ou internacional; menús de degustación, menús do día, pratos combinados, racións e tapas. Son imprescindibles os mariscos, o polbo á feira, o queixo de tetilla, a torta de Santiago e os viños galegos, como Albariño e Ribeiro. No inverno destacan o cocido, o caldo galego e as filloas recheas. E moitas delicias, como doces monacais, viños, augardentes, embutidos e queixos, véndense listos para levar.

Turismo de Santiago de Compostela
Oficina Central de Información Turística Municipal
Rúa do Vilar, 63
Tel: (+34) 981 55 51 29
Aberta todo o ano
info@santiagoturismo.com
www.santiagoturismo.com

©Turismo de Santiago de Compostela _07/16_DL: C-1132-2016 / Diseño Talleres Jim

CONCELLO DE SANTIAGO

SANTIAGO DE COMPOSTELA TURISMO

PATRIMONIO MUNDIAL • WORLD HERITAGE • PATRIMOINE MONDIAL

Ciudades Patrimonio de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO